



## BANDO

D. Rafael Perez Vazquez , Alcalde-Presidente do Concello de A Mezquita, polo presente,

### FAI SABER:

Que a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia por, [Orde do 12 de abril de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas económicas ás familias con persoas en situación de dependencia ou discapacidade a través do Programa Respiro Familiar para persoas cuidadoras e se procede a súa convocatoria para o ano 2024. Codigo de procedemento BS614B\(DOG nº 78 do 19/04/2024\).](#)

### Obxecto

Concesión de axudas económicas destinadas a persoas cuidadoras dentro do Programa Respiro Familiar para o exercicio 2024

### Persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarias das axudas do Programa Respiro Familiar aquelas persoas cuidadoras habituais non profesionais que atendan de maneira continuada unha ou máis persoas dependentes ou con discapacidade ou en situación de necesidade de terceiros para actividades da vida diaria mediante informe médico e social.

### Requisitos

- A persoa cuidadora solicitante ou ben a persoa ou persoas que ela atende sexan residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que a persoa que se atende presente discapacidade física, psíquica ou mental con necesidade de axuda de terceira persoa e ter recoñecido un 75% de minusvalía.
- Ter recoñecido situación de dependencia en grao II ou III, polo órgano competente.

### Lugar e prazo de presentación de solicitudes

As persoas interesadas poderán informarse, a través do departamento de Servizos Sociais do Concello ata o 21 de outubro de 2024. A presentación será preferiblemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, opcionalmente poderá presentarse presencialmente.

### O Alcalde

**D. Rafael Perez Vazquez**

**(Asinado dixitalmente na marxe)**

